

Á ATENCIÓN DA D.X. DE PATRIMONIO CULTURAL E DA XERENCIA DO XACOBEO, DA XUNTA DE GALICIA

O **Foro do Camiño Primitivo**, representado nesta ocasión, polas seguintes persoas e entidades: xxxxxxxx

TRASLADAN a través deste escrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Xerencia do Plan Xacobeo unha serie de criterios que desde o noso punto de vista se deben seguir na elaboración do futuro Plan Director do Camiño de Santiago, co gallo de reforzar a protección dos camiños históricos de Santiago, defendelos de intereses especulativos, recuperar os seus valores e simboloxía tradicional e promover un turismo camiñeiro respectuoso co territorio, o ambiente e o patrimonio:

- O documento debe tentar corrixir a deriva emprendida na promoción oficial deste valor histórico, cultural e espiritual, logo de o converter nun fenómeno de masas **supeditado aos intereses especuladores de carácter turístico e mercantilista que o afogan na súa esencia e poñen en perigo a súa protección** con prácticas agresivas e deturpadoras.

- Para iso, o texto legal **debera ser coordinado desde o Departamento de Patrimonio Cultural**, no que tamén debería ficar integrada a xestión do Plan Xacobeo, caso de ser necesaria a súa existencia.

- O documento incluíría a conveniencia de **reforzar, reformular ou actualizar a lei de protección do ano 96** naqueles capítulos que xustamente inciden na definición do Camiño como "ben de interese cultural", maiormente á vista dos graves atentados padecidos polo mesmo neste apartado.

- O texto debe marcar as liñas directrices para unha drástica modificación do enfoque publicitario e da imaxe divulgada tanto a nivel interno como internacional, **modificando o ánimo consumista que da mesma se deriva e dando paso a unha nova pedagogía respectuosa co territorio, o ambiente e a recuperación da memoria inmaterial e a súa simboloxía**, aspectos moi deficientes canto aos valores que trascenden da proxección exterior que se está a realizar do significado das peregrinacións.

- Neste sentido, o plano director debera **afondar na corrección das eivas endémicas** que se teñen constatado nos proxectos de delimitación oficial, na súa traza, territorio histórico e patrimonio cultural e ambiental, ofrecendo pautas claras e decididas para a súa mellora mesmo **a través do desenvolvemento dos planos sectoriais previstos e dos planeamentos municipais**.

- O texto oficial deberá contemplar os Camiños de Santiago como unha parte substancial integrada no estudo, recuperación e protección do conxunto da camiñaría histórica do país, asumindo as pautas elaboradas a tal efecto **desde este ámbito civil e englobando os organismos**,

persoas e entidades ocupadas deste ámbito esencial na configuración do noso territorio, con definición clara do papel que debe xogar o patrimonio eclesiástico e a administración do mesmo, evidentemente mellorábel.

- O documento debe contemplar o **impulso á creación de entidades supramunicipais que coordinen e fagan un seguimento rigoroso da evolución deste feito no plano social e cultural**, con representación plural e democrática dos sectores activos nesta cuestión, incluíndo a promoción de mancomunidades.

-A necesidade de que **ao seu paso por chan urbano se manteña a diferenciación peonil específica e a necesaria estrutura de servizos de asistencia e apoio ao peregrino** (puntos de información cultural, museos, centros de interpretación, arquivos específicos e bibliotecas, etc), evitando que se dilúa a presenza da vía histórica en ámbitos urbanos que ten favorecido a eliminación e asalto dos valores patrimoniais da calzada. Resaltamos en particular a situación do Camiño ao seu paso pola cidade de Lugo, e nomeadamente, a actual ameaza do cuarteirón 214A, fronte á porta de San Roque da Muralla, onde a modificación puntual do PEPRI, solicitada por un promotor particular, suporía un novo atentado a este ben público.

- A este respecto, no sector asistencial deberá **ser corrixida a tendencia á proliferación de redes “hospitalarias” de carácter privado e marcada finalidade comercial, introducindo un apoio firme á recuperación de núcleos históricos e de edificacións tradicionais asociadas á memoria camiñeira**, con beneficios fiscais para o seu uso como albergues, promovéndose a creación dun corpo de hospitaleiros e hospitaleiras coa debida formación, coordinación e asesoramento.

- O plano director **debe impulsar a incorporación de novas tecnoloxías que permitan o seguimento e control do estado dos camiños e do seu territorio histórico en tempo real**, así como prever os mecanismos para unha resposta rápida de carácter administrativo, incluíndo centros de documentación actualizados, labores efectivas de policía e información necesaria no plano cultural e doadamente accesíbel mesmo nos lugares de maior concentración.

- Así, deberán ser previstas as medidas necesarias para o paso dunha rota histórica **que implique a activación cultural e a recuperación dos valores tradicionais das entidades polas que transitan ditos itinerarios**, incluíndo a posta en valor da arquitectura popular e a conservación e rexeneración da paisaxe rural.

- Neste sentido, deberá ser **potenciado o labor do Comité Asesor do Camiño de Santiago como órgano independente** canto aos seus dictames e competencias, así como despolitizada a súa constitución e xestión, impedindo as interferencias partidarias ou do poder dominante en cada caso.

-Regularizar a sinalización para que sexa dependente dun só ente, para evitar a multiplicidade de sinais nunha mesma localización procedentes de diferentes institucións e o despilfarro dos cartos públicos.

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2014